

# 49<sup>o</sup> festa do<sup>®</sup> QUEIXO arzuá 1-2-3 marzo 2024



DOSSIER  
DE PRENSA  
#QUEIXO2024

2 MARZO

3 MARZO

**TU FUTURA EXMUJER  
LA PLAZUELA  
ARDE BOGOTÁ  
GRANDE AMORE**

**DE VACAS  
GUADI GALEGO  
FILLAS DE CASSANDRA**

Entrada gratuíta  
ata completar capacidade



artmusic  
agency



# BENVID@S AO #QUEIXO2024



## PRESENTACIÓN

- Benvid@s á festa!
- #Arzúa
- Filosofía e obxectivos
- O queixo da DOP Arzúa-Ulloa
- Queixeamos?

## PROGRAMACIÓN 2024

- 16.º Concurso de tapas e petiscos Festa do Queixo
- Colaboración CRDOP Arzúa-Ulloa e empresas
- Recinto feiral Terra do Queixo: datas e horarios
- Programación 2024: catas, actividades EFA Piñeiral, obradoiros, exposicións, concurso tapas.
- Inauguración e pregón
- Queixeando polas rúas de Arzúa
- Festival do Queixo: 2 días de concertos de balde!
- 15.º Concurso Queixo Maquetón
- 7.º Festival Pequequeixo
- Programa completo 49.ª edición (resumo)
- Recomendacións, apuntamentos, info práctica
- Espazo Concillia e Punto violeta
- Contactos, colaboradores e agradecementos

# #ARZÚA

## CONSIDÉRATE NA CASA

Goza da festa respectando a contorna e, por encima de todo, respectando aos demais. Dá unha volta pausada polos arredores de Arzúa, verás a beleza da nosa, da túa, terra.

Os aseos públicos do Recinto feiral permanecen abertos desde a mañá ata o final dos concertos. Contan con servizo de limpeza regular, mais as persoas usuarias somos quen debemos preservar o seu coidado. Hai **papeleiras e colectores** no exterior e interior do recinto, tira o lixo nos lugares axeitados.

Preserva o coidado de todas as zonas, prazas, rúas, xardíns... **Lembra que estás na casa!** ☺

Desde o **xoves 22 de febreiro**, día da **presentación aos medios** (Casa de Correos de Arzúa, 12 h), hai dispoñibles folletos coa programación nas instalacións municipais e nos establecementos de hostalería de Arzúa e comarca.

Infórmate de todo en **@festaqueixo**, o noso espazo en **Twitter**. Bota un ollo ás fotos no **Instagram**, os vídeos no **Youtube**, e se andas por **Facebook**, únete tamén á festa! Somos **máis de 7.500 amig@s!**



## AGARDÁMOSVOS A TOD@S!



web [www.festadoqueixo.org](http://www.festadoqueixo.org)



facebook [facebook.com/festadoqueixo](https://facebook.com/festadoqueixo)



Xtwitter.com/festaqueixo



instagram [instagram.com/festadoqueixo](https://instagram.com/festadoqueixo)



youtube [youtube.com/festadoqueixo](https://youtube.com/festadoqueixo)





E van 49 anos de festa! A Festa do Queixo é unha celebración onde o queixo é protagonista desde 1976. Arzúa transfórmase nun espazo contemporáneo e multidisciplinar.

Un vteiro de acontecementos que achegan valor cultural, didáctico e económico. **Gastronomía, música, cultura, tradición e innovación.** Un lugar aberto a tod@s e pensado para tod@s.



O recinto feiral Terra do Queixo abre o **sábado 2** de 11 a 20.30 h. e o **domingo 3** de 10 a 18.30 h. Durante **2 días** acolle a artesáns e profesionais, actividades formativas, culturais e de lecer. É o punto de encontro e o gran **espazo de intercambio**. No posto da organización hai información e diferentes produtos da festa!



A **programación** comeza días antes con catas comentadas nos centros educativos e actividades na EFA Piñeirál. Xa a fin de semana poderase gozar do **concurso de tapas e petiscos** (venres 3), animación e unha gran variedade de obradoiros e actividades **de balde**. Polo día tamén haberá música co **festival Pequequeixo** e pola noite, **2 días de concertos** totalmente **de balde** no **Festival do Queixo**, ata completar capacidade (3.300 persoas).



# QUEIXEAMOS?

## QUEIXEAR SIGNIFICA INTERACCIONAR CO QUEIXO E COA FESTA

Todas as **persoas** que vos achegades á festa sodes os **protagonistas**. O único **requisito** obrigado é un **sorriso** 😊. **Todos os lugares son bos para queixear**, e **pode facerse a calquera idade**. Normalmente, debes ter preto un queixo, pero non sempre. Podes estar mercando nos stands, participando nun obradoiro, bailando no festival ou levar posta algunha prenda da festa (un mandil, unha camiseta, etc.)



No Recinto feiral, nas rúas e nos concertos da carpa do campo da feira cos grupos do festival! Único requisito: o teu sorriso

Moit@s xa queixearon e que ben se pasa!

## ONDE QUEIXEAR: RECINTO FEIRAL, CAMPO DA FEIRA, PRAZA DE GALIZA



# FILOSOFÍA E OBXECTIVOS

## FILOSOFÍA

A festa aséntase nunha filosofía de actuación estable, visible e accesible. Dentro deste esquema, a programación cultural e musical ao longo de 3 xornadas en rúas e prazas convértese nun eixe fundamental e nun importante elemento dinamizador do rural, referencia de desenvolvemento e cultura.

Preténdese potenciar e poñer en valor os recursos do noso territorio. Máis aló de ser unicamente esa cita anual que ten unha duración limitada, o evento busca reflectir a nosa idiosincrasia e potencialidades desde unha dimensión cultural extensiva á **xeración de valor**, onde a cultura do rural toma forza universal.

As accións con repercusión **na vila**, así como **na Internet**, son as nosas ferramentas para abrir **novos públicos**. Entre os retos cumpridos, evolucionar e **renovar completamente o sitio web [www.festadoqueixo.org](http://www.festadoqueixo.org)**, con **máis de 65.000 visitas anuais**. Igualmente, atender o perfil do evento nas redes sociais para dar resposta ás actuais expectativas da opinión pública, cunha comunicación aberta, continuada e bidireccional coas persoas usuarias da rede.

## OBXECTIVOS

- 'Queixear': facilitar a interacción co público e comunicar os valores da festa
- Poñer en valor a tradición desde a perspectiva da innovación
- Prestixiar o territorio e as potencialidades presentes e futuras do rural
- Amosar a cultura do queixo como escaparate de Arzúa
- Contribuír ao prestixio do queixo e dos produtores
- Procurar a máxima interacción entre feira, festa e lecer
- Alimentar a creatividade a través do queixo e as artes
- Achegar a cultura do queixo ao público infantil e á mocidade
- Acadar maior visibilidade, notoriedade e contacto co público na rede
- Potenciar o valor gastronómico do produto na restauración
- Incorporar as potencialidades do produto na cociña de vangarda
- Promover a identificación da Festa do Queixo como experiencia única e singular
- Situar Arzúa no mapa cultural e gastronómico internacional





# O CARTEL 2024

O 19 de decembro tivo lugar na Casa da Curiscada de Arzúa, a presentación da imaxe gráfica da Festa do Queixo 2024.



O concello presentou en decembro o cartel da Festa do Queixo, que este ano buscou darlle protagonismo ao queixo, á natureza e ás queixeiros. Cunha imaxe renovada, representa unha muller nova e apoderada ligada ao rural. Entre os elementos naturais atopamos plantas ligadas ao pasto e polo tanto ao queixo, poñendo un foco importante no contorno e na materia prima.

A autora é Andreea Birsanu (Romania, 1998) de nome artístico Silvatiica, unha artista autodidacta e multidisciplinar coñecida polos seus collages cheos de natureza e simbolismo. Arzuá dende o 2005, estudou e criou-se no concello. Comezou no 2014 e 2015 participando na exposición de artistas locais e dende o 2020 colabora coas exposicións "Bo camiño" e "Arte na Rúa" entre outras. No seu traballo destaca a importancia da natureza e do rural, da muller e do feminismo, da lingua e da Terra.



No acto, estiveron presentes arroupando á autora os concelleiros do goberno municipal (de esquerda a dereita): Begoña Balado, José Luís García, Daniel Moscoso, Luzía López e Miguel Vallo.

# COLABORADORES

## QUEIXEANDO COA DOP



CRDOP Arzúa-Ulloa (corredor central Recinto feiral)



O concello de Arzúa, a organización da Festa do Queixo e o **CRDOP Arzúa-Ulloa** acordaron a mutua colaboración coa cesión de pezas de **queixo** para accións de **promoción** durante os días do evento.

O evento **ponse a disposición do tecido empresarial** como **plataforma** para a súa **difusión e promoción**, en beneficio de todos.

O obxectivo principal destas accións é mellorar a visibilidade e **notoriedade das empresas** a través dunha relación estable, empregando a Festa do Queixo como oportunidade e plataforma de comunicación.

**Cada ano únense ao queixo empresas e colectivos** de diferentes sectores: industria, turismo rural, hostalería, alimentación, formación, restauración, produción cultural... e temos **PATROCINADORES QUEIXAZO, QUEIXO E QUEIXIÑO**



# RECINTO FEIRAL

## O RECINTO FEIRAL TERRA DO QUEIXO ●●●●●●●●●●



No centro do Recinto feiral danse cita **expositores** de queixos galegos das 4 denominacións de orixe. Tamén prestixiosos queixos chegados desde Francia, Italia, Asturias, Aragón, Baleares, León, A Mancha, Estremadura...

Nos corredores laterais tamén contaremos con **outros produtos de alimentación gourmet**.

## 53 QUEIXERÍAS E UN TOTAL DE 68 EXPOSITORES ●●●●●●●●●●

O queixos da DOP Arzúa-Ulloa e os produtores lácteos tradicionais serán un ano máis anfitrións dos mellores queixos de España e Europa en Arzúa. **O recinto feiral Terra do Queixo** acollerá durante **2 días** a profesionais e artesáns, e actividades relacionadas co queixo.

Haberá **53 QUEIXERÍAS** e un total de **68 POSTOS** no Recinto feiral, **enchendo o límite establecido** polo Concello e a organización para esta 49.<sup>a</sup> edición.

### ESTÁN DIVIDIDOS EN 3 ZONAS.

A **ZONA 'A'** acollerá unha **selección de 9 postos de produtos artesanais e gourmet** de alta calidade, como doces artesáns galegos, chocolates, marmelos, pastas, madalenas de mirabel, sidra natural, zumes e aceites ecolóxicos, crema de castañas, mel e licores, conservas de Cantabria, azafrán e pimentón de la Vera, etc.

A **ZONA 'B'** (corredor central) será para as **9 queixerías con DOP Arzúa-Ulloa**, as anfitriñas, e tamén o lugar onde estarán o resto de queixos das **outras tres denominacións de orixe galegas**, do Estado e Internacionais, ao igual que o **CRDOP Arzúa-Ulloa**.

A **ZONA 'C'** para 6 queixerías con certificado de **Produtores Lácteos Tradicionais (PLT)**. **TODOS OS QUEIXOS**, tanto industriais como artesanais, e o resto de produtos alimentarios contarán co **OBRIGATORIO REXISTRO SANITARIO**. Igualmente están presentes o **Concello de Boimorto** ou a **Asociación Melide Terra Doce**.

A **relación completa de stands** poderase consultar na web desde o día **22 de febreiro**.

# PLANO RECINTO FEIRAL TERRA DO QUEIXO 2024 ●●●●●●●●●●



## HORARIOS 2024 ●●●●●●●●●●

**Sábado 2: de 11 a 20.30 h.**  
(aseos ata o remate dos concertos)

**Domingo 3: de 10 a 18.30 h.**

E no posto da organización, **MÁIS DE 40 ARTIGOS DIFERENTES DA FESTA.**

# PROGRAMACION PREVIA

## LUNS 26 FEBREIRO

### 11.30 h CATAS COMENTADAS DE QUEIXO DOP ARZÚA-ULLOA

Catas de queixo DOP Arzúa-Ulloa impartidas polo Consello Regulador De balde. Inscripción no 981500580. *EFA Piñeiral*



## MARTES 27 FEBREIRO

### ACTIVIDADES EN CENTROS EDUCATIVOS

Alumnado do ciclo de Educación Infantil da EFA Piñeiral fará obradoiros no colexio Nosa Sra. do Rosario (3 clases) e no CEIP Arzúa (6 clases)



## XOVES 29 FEBREIRO

### 13 h MASTERCLASS 'PARAÍOS DA ARZÚA ULLOA'

Inscripción 10 € no 981500580. 20 prazas ata completar aforo  
Exposición da réplica doce do cartel da festa. *EFA Piñeiral*



# CONCURSO TAPAS E PETISCOS, VENRES 1



A programación da fin de semana comeza o **venres 1 de marzo** co **16.º Concurso de tapas e petiscos Festa do Queixo**, organizado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa. **De 18 a 23.30 h** pódense degustar en moitos dos de hostalería de Arzúa as tapas que participan competindo en calidade, orixinalidade e presentación final.

## Establecementos participantes 2024 (provisional)

	Nome do establecemento	Enderezo	Teléfono
1	Parrillada 107 Cervecería	Avda. de Lugo, 107	608 044 264
2	Cafetería Chacala	Avda. de Lugo, 133	690 74 76 57
3	Cafetería Ultraia	Avda. de Lugo, 126	626 639 450
4	Bar Encontro	Avda. de Lugo, 116	600 524 051
5	Café-Bar Luis	Avda. de Lugo, 50	655 99 68 85
6	Café Bar Manolo	Avda. de Lugo, 48	655 99 68 85
7	O Furancho de Santiso	Avda. de Lugo, 9	981 501222//699 818 139
8	La Bodega de José	Avda. de Lugo	637 440 116
9	Razas Gastrobar	Avda. de Lugo, 12	674 50 81 13
10	Cafetería Praza	Avda. de Lugo, 2	981 500 949 // 629 12 78 93
11	Cafetería Os Casqueiros	Praza de Galicia	981 500 004 // 628 91 64 48
12	Cafetería Ameixa 1	Avda. de Lugo, 8	981 500484
13	Café Bar Karper	Padre Pardo, 21	679 729 799
14	Casa de Comidas Chelo	Fraga do Rei, 14	981 508 248
15	Café Bar O Bo Camiño	Rúa Xosé Neira Vilas, 7	620 26 23 88
16	Hostal Restaurante O Retiro	Teiraboa	981 500 554
17	Bar A Queixeira de Arzúa	Avda. De Lugo, 70	981 500 510
18	Refuxio Tapería e Restaurante	Avda. De Lugo, 53	881 089 406

## INAGURACIÓN E PREGÓN, SÁBADO 2

### PREGOEIRA: MARÍA VÁZQUEZ

A actriz María Vázquez, nominada aos Goya por "Matria", será a pregoeira da 49.<sup>a</sup> edición da festa do queixo. Dará o discurso de apertura do evento, o sábado 2 de marzo ás 11:45 h no campo da feira de Arzúa.



María conta cunha exitosa carreira, tanto cinematográfica como televisiva e teatral. É a segunda vez que está nominada aos premios Goya, tras "Mataharis", ademais de ter levado outros moitos premios, como o Ojo Crítico de RNE, o Mestre Mateo por "O Club da calceta", aos que tamén está nominada este ano 2024, Cineuropa, etc.



A actriz viguesa comezou a súa andaina no mundo da interpretación en series como **'Al salir de clase', 'Compañeros' ou 'Raquel busca su sitio'**. Logrou facerse un oco en producións como **'Fios'** ou **'Padre Casares'** emitidas na TVG, ou outras como **'Ana y los siete' ou 'Hospital central'**. O seu salto ao cinema tivo lugar no ano 2000, cando Joan Potau escolleuna para poñerse na pel dunha recepcionista en **'San Bernardo'**. Traballou ás ordes de cineastas como **Iciar Bollain, Manuel Iborra, Montxo Armendáriz ou Gerardo Diego**. Así, interveu en películas como **'Silencio roto', 'Deseo', 'El año de la garrapata', 'A golpes', 'Mataharis', '18 comidas'** ou as galegas **'A Mariñeira', e 'Ou club da calceta'**.

A cinta pola que cultivou mellores críticas foi **'Mataharis'**, pola que recibiu o Premio a Mellor Actriz de Repartición do Círculo de Escritores Cinematográficos e o Premio Ojo Crítico de Cinema de RNE. Así mesmo, por esta actuación foi nomeada ao Goya a Mellor Actriz Secundaria. A actriz, **nomeada tamén a premios como os Feroz 2024**, volve aos Goya grazas ao seu papel en **'Matria'**, unha historia que desmonta o mito da meritocracia penetrándose na precariedade laboral **de moitas traballadoras galegas**. María ten esa habilidade, que sempre acompaña dunha gran dose de traballo, de dar aos seus personaxes un brillo que transcende a ela mesma, mesmo en interpretacións como a de Inés nas Mataharis.

Dezaseis anos despois, volve estar nomeada onde, a base de moito fregar, **dá vida a** outra obreira, **Ramona**, desas que fan que sexa o mundo o que funcione, **unha traballadora galega todoterreo** cuxa profesión é aquela que lle dea para comer. Ramona é unha muller, como moitas outras obreiras, **que loita diaria por sobrevivir, por dignificar a súa profesión e a súa vida**, por dignificar a estas coidadoras e a estas loitadoras do día ao día, que ao final son as que sosteñen a nosa sociedade. Sen esas mulleres que fan eses traballos precarios, o resto non podería tampouco facer nada.

#### As súas redes

<https://www.instagram.com/maruxatomei/>

<https://www.facebook.com/maria.vazquez.3386>

#### O trailer de "Matria"

[https://youtu.be/TPJDiFy\\_\\_Y0?si=1FEW7FvB0o18QqAn](https://youtu.be/TPJDiFy__Y0?si=1FEW7FvB0o18QqAn)

## NESTES 49 ANOS, OS PREGOEIROS E PREGOEIRAS DA FESTA FORON:

### Os pregoeiros e pregoeiras da Festa do Queixo foron:

Tamar Novas (2023)	Xaquín Marín (2008)	Manuel Torreiglesias (1992)
Susana Rodríguez (2022)	Yolanda Castaño (2007)	Xosé Luís Blanco Campaña (1991)
Colaborativo dos nen@s de Arzúa (2021)	Carlos Blanco (2006)	Diego Bernal (1990)
Benedicta Sánchez (2020)	Alfonso Agra (2005)	Miguel Suárez Abel (1989)
Benigno Campos (2019)	Avelino Pousa Antelo (2004)	Uxío Rey Fernández (1988)
Tonhito de Poi (2018)	Luis Rial (2003)	Francisco Fernández del Riego (1987)
María Castro (2017)	Uxia Blanco (2002)	Xosé Antonio Silva (1986)
Xosé Lois 'O Carrabouxo' (2016)	Xosé Ramón Fandiño (2001)	Jorge Victor Sueiro (1985)
Nacho Mirás (2015)	Agustín Sixto (2000)	Antón Fraguas (1984 e 1977, 1976 -xunto a Román Torreiro-)
Pablo Insua, Lolo Penas, Diego Quintela, Óscar Pereiro, Diana Cotón (xuntos en 2014)	Manuel Quintáns (1999)	(Dos pregóns de 1978 a 1983 non constan datos)
Xosé A. Touriñán (2013)	Jose Mª Manteita (1998)	
Teté Delgado (2012)	Fina Casalderey (1997)	
André Arzúa (2011)	Xosé Neira Vilas (1996)	
Séchu Sendé (2010)	Antón Reixa (1995)	
Montse Varela (2009)	Xosé A. Vilaboa (1994)	
	Luis Valiño Freira (1993)	

# PREMIOS ARZUÁNS DO ANO 2023

- **XAN VEIGA, CÓMICO**



Con motivo do **30.º aniversario da súa primeira actuación**, estreou o seu último monólogo que leva por nome “SonChistOrias”, e que ven sendo unha homenaxe a 30 anos de humor inxenuo. Como a maioría dos seus compañeiros de gremio, sempre está predisposto á súa participación en galas benéficas nas que aporta o seu gran de area colaborando con Asociacións de enfermos, Protectoras de animais, calquer tipo de catástrofes ou, simplemente, para axudar a quen o necesita.

[www.instagram.com/xancomico](https://www.instagram.com/xancomico)

- **PAULA FERNÁNDEZ, COOPERANTE**



Paula, ademais de xornalista, é cooperante internacional e activista pola igualdade de xénero, con máis de 15 anos de traballo para diferentes organismos en Latinoamérica, Asia e África. Actualmente, reside en Etiopía, onde se dedica a visibilizar e abordar os desafíos que afrontan as mulleres e nenas afectadas polo conflito e o cambio climático. Exerce como especialista en comunicación e incidencia humanitaria para o Fondo de Poboacións das Nacións Unidas (UNFPA).

[www.instagram.com/lavidaesunsuspiro](https://www.instagram.com/lavidaesunsuspiro)

# TORNEO CHESS & CHEESE

DOMINGO 3 DE MARZO

10 - 14 h 4.º TORNEO 'CHESS AND CHEESE ARZÚA'

Local Social Sta. María (a carón do parque de Bombeiros)



49<sup>º</sup> festa do  
QUEIXO  
arzúa  
1-2-3 marzo 2024



Local de xogo: Local Social Sta. María (a carón do Parque Bombeiros)  
Sistema de xogo: suízo a 7-8 roldas.  
Ritmo de xogo: 7' minutos + 3" segundos de incremento.  
Horario de xogo: presentación 10:00, 1ª rolda 10:15, clausura 13:45  
Participantes: aberto a todos os xogadores federados, o torneo é válido para Elo FIDE de blitz.  
Inscripcións: xeral 2€, locais gratuíta, pódese realizar no 617234393 ou en [torneos@galichess.com](mailto:torneos@galichess.com), ata o sábado 2 de marzo ou completar aforo de 90 participantes.  
MÁS INFO [WWW.GALICHESS.COM](http://WWW.GALICHESS.COM)

Torneo aberto a todos os xogadores federados, válido para Elo Fide de blitz

Inscripcións 617234393 ou [torneos@galichess.com](mailto:torneos@galichess.com) ata o sábado 2 de marzo ou completar 90 participantes. Xeral 2 €. Locais, gratuíta. + info [www.galichess.com](http://www.galichess.com)

# QUEIXEANDO POR #ARZÚA

## ANIMACIÓN, FESTA E MÚSICA NAS RÚAS E PRAZAS



Ao longo da mañá do **sábado 2**, animación de rúa e pasacalles desde o Recinto feiral á Praza de Galiza co grupo de gaitas **O BRINGUELO**.

*Ver programa páx. 36*



Na tarde do **sábado 2**, máis festa no Recinto feiral, rúas e prazas de Arzúa coa **CHARANGA LATEXO PERCUSIÓN**

*Ver programa páx. 36*



... e o **domingo 3** a festa e a música continúan desde a mañá co grupo de gaitas e cabezudos **OS VIQUEIRAS**

*Ver programa páx. 36*



... e o **domingo 3** remata contra o mediodía coa animación coa brass band **BRASSICA RAPA**

*Ver programa páx. 36*

# O FESTIVAL DO QUEIXO

 festival do  
**QUEIXO**  
arzúa  
Arzúa, 2-3 marzo 2024



2 MARZO

3 MARZO

**TU FUTURA EXMUJER  
LA PLAZUELA  
ARDE BOGOTÁ  
GRANDE AMORE**

**DE VACAS  
GUADI GALEGO  
FILLAS DE CASSANDRA**

Entrada gratuita ata completar capacidade

Organiza:



Produce:



Colaborado por:



Colaboran:



Síguenos en



[festadoqueixo.org](http://festadoqueixo.org)



O Festival do Queixo é un dos eventos de referencia do panorama estatal. **Na primeira xornada**, o sábado, ofrecemos rock, electro-rock, pop-rock, fusión, funk, mestizaxe e hip-hop. **Na segunda xornada**, o domingo, apostamos desde os inicios polo carácter galego, e seguímolo facendo.



**Rodeado dunha rica programación** de actividades culturais, o festival pretende favorecer a afluencia de todo tipo de público e constitúe xa un **evento de referencia a nivel galego e estatal**. A filosofía musical, baseada nunha programación extensa e variada -non limitada a un único perfil artístico- permítenos crecer cada edición e acoller cada ano a miles de persoas desexosas de degustar o queixo e a cultura a través dunha **oferta musical aberta, gratuita e de calidade**.

**Nestes últimos anos queixearon, entre outros:** Ojos de Brujo, Orishas, Ska-p, Los Enemigos, Fangoria, Dover, Violadores del Verso, La Excepción, The Sunday Drivers, Triángulo de Amor Bizarro, Marlango, Muchachito Bombo Infierno, La Mala Rodríguez, Vetusta Morla, Second, Rinôçerôse, Tote King, Delinquentes e Tomasito, Chema Rey, We Are Standard, Kase. O. Sammy Jo -Scissor Sisters DJ- Estereotipo, Swan Fyahbwoy, La Pandilla Voladora, Arizona Baby, La Pegatina, Eme DJ, Foo, Disconature DJ, Isma Romero, Los Enemigos (2015), The Gift, DJ Floro, Kepa Junquera, Troy, Nach, Miguel Capello, Diego RJ, M-Clan, Fuel Fandango, Ale Acosta DJ, Inerttes, Los Secretos, Rafa Morcego D, Sr. Salvaje, Marc Seguí, Zahara...

**E o mellor do panorama musical galego:** Lamatumbá, Carlos Núñez, Treixadura, Leilía, Dios Ke Te Crew, Xochilmica, Milladoiro (2006), Malvela, Pepe Vaamonde Grupo, Mutenrohi, Anxo Lorenzo, Uxía, Riobó, Susana Seivane, O Fiadeiro, Treixadura, Os Melidaos, Os Carapaus, Cristina Pato, Paty Lesta & The Hits, Tanto nos Ten, Leilía, Caxade, Ruxe Ruxe, Treixadura, Andrés Penabad, Luar na Lubre, Mercedes Peón, Milladoiro (2017), Rosa Cedrón, Sonseseu, Heredeiros da Crus, Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre, Sés, Ailá, Guadi Galego... e por suposto a Banda de Música de Arzúa.

# 15.º CONCURSO QUEIXO MAQUETON



## O grupo 'Tu Futura Exmujer' gaña o concurso "Queixo Maquetón"

O cuarteto de Carballo, ao igual que os seus antecesores "Apart", tamén de desta localidade, convértese no gañador da 15.ª edición do concurso arzuán para grupos noveis. Levarán como premio 1.300 € e actuarán no Festival do Queixo o sábado 2 de marzo dentro da 49.ª edición da Festa do Queixo.

**Son un grupo de Indie-Garage fundado en Carballo**, que ofrece un son movido con melodías psicodélicas, letras tanto tristes como cheas de retranca, soando nostáxico pero moderno. **Está formado por 4 amigos de toda a vida**, onde todos contan cunha ampla experiencia na industria musical.

**Haime Regueiro (Voz e guitarra)** formou parte de bandas recoñecidas en Galicia como Aula 11, sendo baixista; entrou en 2018 como teclista de Elvis Negro e temporalmente en Arabian Evils.

**Manu Eirin (Guitarra e sintes)** foi tamén integrante de Aula 11 como guitarrista e dende 2018 de Elvis Negro como baixista.

**Dany Vecino 🥁 (Batería e coros)** foi o batería fundador de Arabian Evils co que sacaron dous Eps: We offer but no incite e Mono en patín.

**Iago Pardiñas (Baixo)** actualmente forma parte da banda carballesa Apart, tamén como baixista.

Publican o primeiro single **Lo Intentamos** (2020). Dende aquelas levan publicados 5 singles e un EP homónimo totalmente gravado e editado con medios precarios por Haime, o vocalista. En 2022 publican o primeiro adianto do seu primeiro álbum **Novos Millonarios** gravado e mesturado por Julián Goikoa (baixista en Mundo Prestigio) que saiu en 2023.

Pódense escoitar en

<https://open.spotify.com/int.../album/6RXxStAAyux4xaiwfYvi4>

## Xurado 2024

O xurado desta edición 2024 estivo composto por **José Ramón Bernárdez**, de Radio Arzúa, **Alberto Alfonso**, director do festival do queixo e **Nonito Pereira**, investigador e divulgador musical determinou despois de escoitar a todos os grupos e escoller os finalistas, que foran finalmente a banda gañadora desta edición.

## Bandas finalistas

Tras o grupo carballés, quedaron finalistas as bandas **Capital Voskov**, desde Muros, Foz e Pontevedra; **Saso** desde A Estrada; **Sweet Q** desde Madrid, e **Ulex** desde Santiago.

## Algunhas aparicións en medios

- Mondo Sonoro:

[https://issuu.com/mondosonoro-gal\\_cyl/docs/mondogaliciamarzo2021/1](https://issuu.com/mondosonoro-gal_cyl/docs/mondogaliciamarzo2021/1)

- Que pasa na costa:

<https://www.quepasanacosta.gal/articulo/carballo/soandoconforza-futura-ex-mujer/20210305084820125415.html>

## Ligazóns de interese

Spotify: <https://open.spotify.com/artist/6q5o28cldBsiZFPownYPcg>

Youtube: <https://www.youtube.com/channel/UCpcM-V3jkAIPGM5Gq3hStQ>

Instagram: <https://www.instagram.com/tufuturaexmujer/?hl=es>

Twitter: [https://mobile.twitter.com/TFEM\\_grupo](https://mobile.twitter.com/TFEM_grupo)



# 7.º FESTIVAL PEQUEQUEIXO

O ESPAZO DO FESTIVAL PARA OS MÁIS PEQUES!

SÁBADO 2 MARZO • 18.30 h • OLLO PIOLLO

*Praza de Galiza. Se chove, na Capela da Madanela*



O L L O



P I O L L O

Concertos inesquecibles grazas a ritmos do máis variados, dende country e bosanovas ata hip hop e reggaeton! Un grupo formado no ámbito da educación, o lecer e o tempo libre que consegue que tanto público novo coma adulto baile, cante e festexe ao máximo!

## DOMINGO 3 MARZO • 12.00 h • TRÍO DETRÉS

*Praza de Galiza. Se chove, na Capela da Madanela*



Que acontece cando parte da banda chega tarde e despistada ao lugar do concerto? Unha sucesión de humor, improvisación e solucións disparatadas, sempre acompañadas pola mellor música. Unha formación cómica con música, humor e moito ritmo. "Máis ritmo" son temas propios, versións de cancións populares e divertidos arranxos que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras...

festival do  
**QUEIXO**  
arzuá  
Arzuá, 2-3 marzo 2024



## HORARIOS

Entrada gratuita ata completar capacidade

### 2 MARZO

**TU FUTURA EXMUJER** 21:30 h

**LA PLAZUELA** 22:25 h

**ARDE BOGOTÁ** 00:30 h

**GRANDE AMORE** 02:05 h

### 3 MARZO

**DE VACAS** 12:30 h

**GUADI GALEGO** 18:00 h

**FILLAS DE CASSANDRA** 19:50 h

Organiza:



Concello  
de Arzuá

Produce:

**artmusic**  
agency

Cofinanciado por:



Deputación  
DA CORUÑA

//**ABANCA**

Síguenos en

 @festaqueixo  
[festadoqueixo.org](http://festadoqueixo.org)

SABADO 2 MARZO • 21.30 h



Unha banda de rock influenciada polos sons máis 70s e incorporan sutís detalles de soul e disco. Cunha visión actual, modernizan un estilo baseado en riffs de guitarra e melodías vocais, facendo vibrar ao público desde os primeiros minutos. Nacen cando Inés regresa duns anos en Berlín, coñece ao resto da banda e deciden iniciar un proxecto que perdurará ata a actualidade. **“We Want It All”** é o título do último traballo.

SABADO 2 MARZO • 22.25 h



La Plazuela son Manuel Hidalgo e Luís Abril. A súa música correspóndese coa **reivindicación das súas raíces**, e fano a través dun discurso actual e renovado que ten como piares principais: o **flamenco**, a **música electrónica** e o **nu funk**.

SABADO 2 MARZO ● 00.20 h



**Son unha das bandas do momento.** Tras recibir varios recoñecementos no seu primeiro traballo chamado "La Noche", presentan agora unha declaración de intencións onde só eles coñecen os límites cun novo disco e un novo show de directo "Cowboys de la A3"

SABADO 2 MARZO • 02.05 h



Tras o alias de Grande Amore, Nuno Pico mestura as súas influencias máis primitivas do **rock e punk co techno e electropop** logrando un son particular e festeiro cun toque humorístico e existencialista que é capaz de facerte reflexionar ou bailar ata a madrugada.

DOMINGO 3 MARZO **SESIÓN VERMÚ** • 12.30 h



**Versionan en galego** de temas comerciais, mudando a letra e dándolles un **formato retraqueiro de divertido!** Tanto che fan un rap 'Gangnam Style', como un 'Amodiño' ou versións doutros artistas como Enrique Iglesias, Rosalía, Pitbull, Michel Teló...



DOMINGO 3 MARZO • 18 h



**Unha das artistas máis relevantes do país.** A finais de 2023 lanzaou 'ODA', unha declaración de intencións sobre a madurez e a aceptación da vida, na que reivindica o dereito a seguir experimentando e onde aposta pola evolución do seu son, aprendendo a desaprender.

DOMINGO 3 MARZO • 19.50 h



Son a perfecta combinación de tradición musical e oral e modernidade, de folklore e electrónica, de pop e dramaturxia. Logo de terse erixido como unha das grandes revelacións do panorama musical, Sara e María veñen ao festival co seu recentemente sacado do forno **'Últimas Dionisiacas'**.

# PROGRAMA RESUMO 49.<sup>a</sup> EDICIÓN

## 49<sup>a</sup> festa do QUEIXO<sup>®</sup> arzúa 1-2-3 marzo 2024



### INFO FESTIVAL DO QUEIXO

Entrada de balde ata completar aforo

### LUNS 26 FEBREIRO

10.30 h CATAS COMENTADAS DE QUEIXO DOP ARZÚA-ULLOA  
 Catas de queixo DOP Arzúa-Ulloa  
 Impartidas polo Consello Regulador De balde. Inscripción no 981500580 EFA Piñeiral

### MARTES 27 FEBREIRO

ACTIVIDADES EN CENTROS EDUCATIVOS  
 Alumnado do ciclo de Educación Infantil da EFA Piñeiral fará un obradoiro no colexio Nosa Sra. do Rosario (3 clases) e outro no CEIP Arzúa (6 clases)

### XOVES 29 FEBREIRO

13 h MASTERCLASS 'PARÁISOS DA ARZÚA ULLOA'  
 Inscripción 10 € no 981500580. 20 prazas ata completar aforo  
 Exposición da réplica doce do cartel da festa EFA Piñeiral

### VENRES 1 MARZO

18 - 23 h 16.º CONCURSO DE TAPAS E PETISCOS 'FESTA DO QUEIXO'  
 Elaboracións con queixo da DOP Arzúa-Ulloa  
 Organizado polo GCOOP Arzúa-Ulloa  
 Establecementos de hostalaría de Arzúa

### SÁBADO 2 MARZO

11 h APERTURA DE PORTAS RECINTO FEIRAL 'TERRA DO QUEIXO'  
 11.30 - 13.30 h ANIMACIÓN DE RÚA GRUPO GAITAS 'O BRINGUELO'  
 Recinto feiral, praza de Galiza e rúas  
 11.45 h INAUGURACIÓN OFICIAL e PREGÓN  
 ENTREGAS DE PREMIOS Concurso de Tapas e Petiscos e Arzúa do Ano 2023  
 PREGÓN: MARÍA VÁZQUEZ, actriz

Nominada aos Premios Goya 2024 como mellor actriz protagonista por 'Matria', María conta cunha exitosa carreira, tanto cinematográfica como televisiva e teatral.  
 Campo da feira

17 h OBRADOIRO INFANTIL DE COCINA 'ÉRASE UNHA VEZ UNHA SOBREMESA DE QUEIXO E CHOCOLATE'

Masterclass do alumnado e profesorado do Ciclo de panadería e repostería da EFA Piñeiral de Arzúa. De 17 a 18 h. De 7 anos en diante, incluíndo adultos  
 Inscripción de balde no 981500580. 15 prazas  
 Cocina do recinto feiral

18.30 h 7.º FESTIVAL 'PEQUEQUEIXO' OLLO PIOLLO

Concertos inesquecibles grazas a ritmos do máis variados, dende country e bosanovas ata hip hop e reggaeton! Un grupo formado no ámbito da educación, o lecer e o tempo libre que consegue que tanto público novo como adulto baile, cante e festeje ao máximo!  
 Praza de Galiza. Se chove, na Capela da Madanela

19 - 20.30 h ANIMACIÓN DE RÚA COA CHARANGA 'LATEXO PERCUSIÓN'  
 Recinto feiral, praza de Galiza e rúas

20.30 h PECHE RECINTO FEIRAL

21.30 h FESTIVAL DO QUEIXO  
 Campo da feira. Entrada de balde ata completar aforo

TU FUTURA EXMUJER | Ganador Queixo Maquetón | 21.30 h  
 Son un grupo de Indie-Garage fundado en Carballo que ofrece un son movido con melodías psicodélicas, letras tanto tristes como cheas de retranca, soando nostálgico pero moderno. O seu primeiro álbum saiu en 2023 e chámase 'Novos Millonarios'.

LA PLAZUELA | 22.25 h

La Plazuela son Manuel Hidalgo e Luis Abril. A súa música correspóndese coa reivindicación das súas raíces, e fano a través dun discurso actual e renovado que ten como piares principais: o flamenco a música electrónica e o nu funk.

ARDE BOGOTÁ | 00.30 h

Son unha das bandas do momento. Tras recibir varios recoñecementos no seu primeiro traballo chamado 'La Noche', presentan unha declaración de intencións onde só eles coñecen os límites cun novo disco e un novo show de directo.

### GRANDE AMORE | 02.05 h

Tras o alias de Grande Amore, Nuno Pico mestura as súas influencias máis primitivas do rock e punk co techno e electropop logrando un son particular e festeiro cun toque humorístico e existencialista que é capaz de facerte reflexionar ou bailar ata a madrugada.

### DOMINGO 3 MARZO

10 h APERTURA RECINTO FEIRAL 'TERRA DO QUEIXO'

10 - 14 h 4.º TORNEO 'CHESS AND CHEESE ARZÚA'  
 Torneo aberto a todos os xogadores federados, válido para Elo Fide de blitz  
 Inscripcións 617234393 ou torneos@galichess.com ata o 2 de marzo ou completar aforo de 90 participantes. Xeral 2 €. Locais, gratuíta. + info www.galichess.com Local Social Sta. María (a carón do parque de Bombeiros)

10.30 - 12.30 h ANIMACIÓN DE RÚA CO GRUPO DE GAITAS E CABEZUDOS 'OS VIQUEIRAS'  
 Recinto feiral, praza de Galiza e rúas

12 h 7.º FESTIVAL 'PEQUEQUEIXO' TRÍO DETRÉS

Que acontece cando parte da banda chega tarde e despidada ao lugar do concerto? Unha sucesión de humor, improvisación e solucións disparatadas, sempre acompañadas pola mellor música. Unha formación cómica con música, humor e moito ritmo.  
 Praza de Galiza. Se chove, na Capela da Madanela

12.30 h SESIÓN VERMÚ FESTIVAL DO QUEIXO  
 Campo da feira. Entrada de balde ata completar aforo

DE VACAS | 12.30 h  
 Versións en galego de temas comerciais, mudando a letra e dándolles un formato retroqueiro e divertido! Tanto che fan un rap 'Gangnam Style', como un 'Amoiño!' ou versións doutros artistas como Enrique Iglesias, Rosalía, Pitbull, Michel Teló...

12.30 - 14 h ANIMACIÓN DE RÚA CON 'BRASSICA RAPA'  
 Unha brass band formada integramente por rapazas que busca darlle unha volta ao concepto de música de rúa. Tocan instrumentos de vento metal e percusión e crean unha atmosfera alegre cun repertorio coñecido e fresco, co que a festa está asegurada.  
 Recinto feiral, praza de Galiza e rúas

18 h FESTIVAL DO QUEIXO  
 Campo da feira. Entrada de balde ata completar aforo

GUADI GALEGO | 18 h  
 Unha das artistas máis relevantes do país. A finais de 2023 lanzou 'ODA', unha declaración de intencións sobre a madurez e a aceptación da vida, na que reivindica o dereito a seguir experimentando e onde aposta pola evolución do seu son, aprendendo a desaprender.

FILLAS DE CASSANDRA | 19.50 h  
 Son a perfecta combinación de tradición musical e oral e modernidade, de folklore e electrónica, de pop e dramaturxia. Logo de terse erixido como unha das grandes revelacións do panorama musical, Sara e María veñen ao Festival co seu recentemente sacado do forno 'Últimas Dionisias'.

18.30 h PECHE RECINTO FEIRAL



<b>Autobuses</b> Autobuses Hombas Lúa Lugo-Santiago 981 500 484 (parada) 900 928 192 Autos Gubama Lúa A Coruña 981 690 990 Lúa Vila de Cruces-Arzúa-Boimorto-Melide-Carral-A Coruña Lúa Melide-Arzúa-Ponte Carral-Ourense-Carral-O Burgo-A Coruña 981 231 980-981 690 990 Autocaros Frede Rúa Santiago, 32 981 500 653	<b>Centro de Saúde</b> Rúa Padre Pardo, s/n 981 601 272 <b>Farmacias</b> Manuel Saavedra Robledo Rúa Padre Pardo, s/n 981 500 041 Alicia Mosquera Valdivieso Rúa Ramón Franco, 31 981 501 371 Juan José Barreiro Salvador Rúa Xosé Neira Vilas, 1 981 600 006 <b>Bombeiros</b> Parque do Crucero, Santa María, 112 981 500 653 <b>Policia Local</b> Rúa Santiago, 2 981 500 127 418 881 487 - 981 815 298 (provisional Rúa Santiago)
---	---

# CONCIENCIÉMONOS ANTES DE VIR



**O uso do vehículo:** fai un uso compartido del e ponte de acordo con alguén para virdes xuntos, ou ben achégate ata a festa no transporte público (podes ver os horarios abaixo).



**O aparcadoiro:** atoparás aparcadoiros sinalizados nos accesos á vila; non cres que é mellor dar uns pasiños que andar dando voltas no coche botando fume (ti e o coche)?



**Os aseos públicos:** os aseos do recinto feiral permanecen abertos desde a mañá ata o remate dos concertos. Contan con servizo de limpeza e mantemento regular, mais os usuarios somos os que debemos preservar o seu coidado.



**O lixo:** hai papeleiras e colectores de lixo no interior e no exterior do recinto feiral, tira o lixo nos lugares axeitados. Preserva o coidado de todas as zonas, prazas, rúas, xardíns...

**A festa é de tod@s.** Considerate na túa casa e **goza dela respectándoa, e respectando a contorna e aos demais.** Se aínda non tiveches a oportunidade, dá unha volta pausada polos arredores de Arzúa, verás a beleza da nosa, da túa, terra.

## + INFO

### Como apuntarse ás actividades

**Todas as actividades son de balde.** Podes informarte chamando ao **981500222** (Oficina da Concellería de Cultura) ou se o desexas, achegarte persoalmente (ata as 15 h).

#### **Oficina da Concellería de Cultura**

*Dpto. de Cultura -edificio sociocultural María Mariño-*

*Rúa Padre Pardo, 33 1º andar (a carón de Radio Arzúa e a Biblioteca Municipal) - 15180 Arzúa*

**Para as actividades da EFA Piñeiral** a inscrición é de balde no **981500580** ou **pineiral@pineiral.es** ata un día antes de cada unha.

**Para o torneo de xadrez,** a inscrición debes facela no **617234393** ou **pokeryajedrez@gmail.com** ata o sábado 2 de marzo.

Podes tamén informarte de todo en **info@festadoqueixo.org**


### Como chegar / localizacións de utilidade

Arzúa está a **39 km de Santiago**, a **63 km de Lugo** e a **69 km da Coruña**, ou viceversa, segundo se queira ver, ©. A principal vía de comunicación é a estrada **N-547**, que vai de Lugo a Santiago e que segue o trazado do histórico **Camiño de Santiago**.

### + info

**No web do concello [arzia.gal](http://arzia.gal)** terás máis información do noso municipio, e en **[turismoarzia.gal](http://turismoarzia.gal)** podes consultar se o desexas establecementos hostaleiros e os aloxamentos onde poder durmir.

1. Casa do Concello
2. Praza de Galiza
3. Capela da Madanela
4. Campo da feira
5. Recinto feiral



### Autobuses

#### Autobuses Monbus

Liña Lugo-Santiago  
981 500 484 (parada)  
900 929 192

#### Autos Grabanxa

Liña A Coruña  
981 690 990

Liña Vila de Cruces-Arzúa-  
Boimorto-Mesía-Carral-A Coruña  
Liña Melide-Arzúa-Ponte Carreira-  
Ordes-Carral-O Burgo-A Coruña  
981 231 880-981 690 990

#### Autocares Frade

Rúa Santiago, 32  
981 500 653

### Taxis

Rúa Alcalde Juan Vidal  
981 500 127  
(provisional Rúa Santiago)

### Centro de Saúde

Rúa Padre Pardo, s/n  
981 501 322

### Farmacias

#### Manuel Saavedra Robledo

Rúa Padre Pardo, s/n  
981 500 041

#### Alicia Mosquera Valdivieso

Rúa Ramón Franco, 31  
981 501 371

#### Juan José Barreiro Salvado

Rúa Xosé Neira Vilas, 1  
981 500 006

### Bombeiros

Parque do Cruceiro, Santa María 112

### Policía Local

Rúa Santiago, 2  
618 881 487 - 981 815 298

# ESPAZO CONCILIA E PUNTO VIOLETA

## ESPAZO CONCILIA


A Festa do Queixo habilitará un Espazo Concilia con actividades de ocio para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos, dispoñible para as familias asistentes á festa. Este espazo estará dispoñible o **sábado e o domingo de 11 a 14 h** e estará situada na **Aula 3 do Recinto Feiral Terra do Queixo (no primeiro andar)**.

## PUNTO VIOLETA

Co obxectivo de garantir unha festa libre de agresións machistas e lgtbifóbicas o Festival do Queixo contará cun Punto Violeta que se instalará o **sábado entre as 21:30 e as 02:30 h** na **entrada do Recinto Feiral Terra do Queixo**.



# AMIGAMOS?




Desde [festadoqueixo.org](http://festadoqueixo.org) ofrecemos toda a información da festa e do festival, con históricos de pregoiros, carteis, festival... O web recibe unha media de **65.000** visitas anuais.




Aquí xuntámonos **máis de 7.500 amig@s**, pero isto non é o máis importante. O importante para nós é o seu nivel de satisfacción. A gran maioría dos comentarios recibidos son positivos ou directamente de parabéns! **Estamos moi agradecidos a tod@s!!!**



Seguimos sendo menos 'followers' que amigos e amigas no Facebook, pero continuamos crecendo, xa somos máis de **1.200!** 😊



No noso Instagram é onde temos unha morea de #fotos chulas da festa, do festival, dos obradoiros, etc! 😊 E somos outros **3.000!**



Todos os vídeos da feira, o resumo dos pregoños, do festival, das actividades etc., están na canle da festa en Youtube!

# +CONTACTOS

## Concello de Arzúa

981 500 000 centraliña  
981 500 222 dpto. de Cultura  
arzua.gal

## Coord. xeral e comunicación

981 100 296 / 658811400  
info@festadoqueixo.org



**web** [www.festadoqueixo.org](http://www.festadoqueixo.org)



**facebook** [facebook.com/festadoqueixo](https://facebook.com/festadoqueixo)



**X** [twitter.com/festaqueixo](https://twitter.com/festaqueixo)



**instagram** [instagram.com/festadoqueixo](https://instagram.com/festadoqueixo)



**youtube** [youtube.com/festadoqueixo](https://youtube.com/festadoqueixo)

## Agradecemento especial

O Concello de Arzúa agradece o esforzo e a implicación de todas as persoas que forman parte da organización. Igualmente, dos traballadores e traballadoras do Concello, de todas as **empresas, colectivos e persoas** que apoian e fan crecer cada ano máis este evento. E a todos e todas os que queixeades connosco.

**A #queixear! vémonos no #queixo2024 vémonos en #Arzúa!**